



Tres razóns para analizar o xurro de forma práctica

Analizamos os principais motivos polos que debemos pensar de maneira pragmática co fin de darlle cumprimento ao novo decreto ambiental (Real Decreto 1051/2021) como algo necesario e beneficioso para o sector, e non coma unha imposición.

María Hermida
Rock River Laboratory Spain

A día de hoxe, se pensamos no xurro, quizais a todos se nos veña á mente o novo decreto ambiental (Real Decreto 1051/2021), que nuns meses entrará en vigor, pero máis aló diso deberíamos pensar noutras razóns prácticas e necesarias, que non sexan por obriga- ción de darlle cumprimento a unha lexislación que consideramos unha imposición.

1. COÑECER O QUE PRODUCIMOS

Nas nosas ganderías, máis aló da produción de leite ou carne, debe- mos pensar tamén na produción de xurro coma un recurso a maiores para a rendibilidade da nosa granxa. Em- pezaremos por definir que é o xurro.

Que é o xurro?

É a mestura en estado semilíquido das dexeccións gandeiras (ouriños, feces e auga), principalmente de vacún de leite e porcino. A súa composición varía en función da especie, a idade, a nutrición e o tipo de aloxamento, así como a época do ano. O seu principal valor é como fonte de fertilización, xa que é un bo fertilizante para os culti- vos, de fácil aplicación e, ademais, un recurso que se xera na propia gande- ría a un baixo custo.

A composición do xurro é rica en nutrientes esenciais para as plantas, como o nitróxeno (en forma mineral, e con dispoñibilidade practicamente inmediata para o cultivo), o fósforo e o potasio e, á vez, nutrientes secundarios, (calcio, magnesio, sodio, xofre) e micro- nutrientes (ferro, manganeso).

Se teoricamente é unha fonte rica en nutrientes para os cultivos, deberíamos ter unha mínima curiosidade en saber

como é de rico ou pobre en nutrientes o xurro que produzo na miña explota- ción, xa que as condicións de produción dunhas granxas a outras está influen- ciada por multitude de factores e, polo tanto, pensar en datos medios ou datos xerais non nos achega información ve- raz do que producimos.

Entre estes factores, podemos ter:

- a) Como xestionamos as augas na nosa explotación, se van todas á fosa ou temos reciclaxe de parte delas.
- b) A xestión da auga dos bebedoiros.
- c) Que material se utiliza nas camas.
- d) Temos as balsas pechadas ou reciben augas de choiva.
- e) Dimensionamento das balsas etc.

Todos estes factores nos levan a ter valores tan distintos como os que se aprecian na táboa 1 (páx. seg.).

2. SACARLE O MÁXIMO RENDEMENTO COMO FERTILIZANTE

Como aproveitar o xurro

O principal aproveitamento do xurro é como uso fertilizante. Os xurros conte- ñen importantes nutrientes que, aplica- dos ao chan, favorecen o crecemento e rendemento dos cultivos, aínda que o seu contido en nutrientes é heteroxé- neo. Polo tanto, cando o xurro é utiliza- do como fertilizante, é preciso coñecer previamente o seu contido en nutrientes (NPK) para realizar unha correcta fer- tilización dos cultivos segundo as súas necesidades.



► MÁIS ALÓ DA PRODUCCIÓN DE LEITE OU CARNE, DEBEMOS PENSAR TAMÉN NA PRODUCCIÓN DE XURRO COMA UN RECURSO MÁIS PARA A RENDIBILIDADE DA NOSA GRANXA

Táboa 1. Balsas da mesma explotación e xurro de vacún

	N total (kg/m ³)	P ₂ O ₅ (kg/m ³)	K ₂ O (kg/m ³)
Balsa 1	1,94	0,67	1,77
Balsa 2	2,40	0,87	2,17
Balsa 3	3,0	1,14	2,69

Estes datos só os poderemos coñecer se os analizamos

Para coñecer a cantidade de NPK é necesario facer a analítica dese xurro.

A mostraxe é un punto bastante complicado, xa que obter unha mostra representativa é moi importante:

- Mesturar o pozo ou balsa con axuda dun axitador mecánico coa forza e o tempo necesario que permita romper a costra que xeralmente se atopa na superficie para que o material se homoxeneice.
- Cun listón longo que leve suxeito un envase plástico aberto que permita recoller a mostra. Deberá repetirse en varios puntos da balsa.

c) Mesturamos todas as submostras que sacamos, homoxeneizámolas e tomamos entre 500-800 ml no frasco limpo para enviar ao laboratorio.

d) Recoméndase non encher este envase e débese deixar un espazo libre de 3-4 cm para evitar que a formación de gas derrame o seu contido.

e) A mostra deberá ser identificada claramente, ademais do produtor ou gandería e a data de recollida, xa que estas mostras deben ser analizadas canto antes.

Outra forma de recoller unha mostra é cando xa estamos a facer a aplicación en campo, fixando uns recipientes abertos no chan, de maneira que nas diferentes pasadas da aplicación recollan unha cantidade. Este método ten a vantaxe de que a homoxeneización é boa porque no proceso de carga e descarga se realiza a homoxeneización, pero debemos dispoñer onde analízalo o máis rápido posible, porque xa o estamos aplicando. ►►



COMERCIAL
AGRÍCOLA E
VETERINARIA

¡Desexámosvos un
feliz 2024!



Avda. de Castelao, 18
TOURO (A Coruña)
Telf: 981 517 348
Almacén Arzúa
Telf: 981 500 714

Avda. de Lugo, 110
1500 ARZÚA (A Coruña)
Telf: 981 508 061

Avda. del Brasil, 65 - baixo
15840 SANTA COMBA (A Coruña)
Telf: 981 896 922 - 646 106 767

Táboa 2. Datos dunha balsa de xurro de 300 m³ de capacidade analizada en diferentes períodos

	pH	N total (kg/m ³)	P ₂ O ₅ (kg/m ³)	K ₂ O (kg/m ³)
*Día 0	6,8	1,81	0,61	1,65
30 días	7,0	2,03	0,87	1,98
60 días	7,2	2,86	1,10	2,45

*Día 0: significa o día en que deixou de recibir material e digamos que queda en maduración
Estes datos reflicten a importancia do almacenamento e van depender do produto de orixe

► CANDO O XURRO É UTILIZADO COMO FERTILIZANTE, É PRECISO COÑECER PREVIAMENTE O SEU CONTIDO EN NUTRIENTES (NPK) PARA REALIZAR UNHA CORRECTA FERTILIZACIÓN DOS CULTIVOS SEGUNDO AS SÚAS NECESIDADES

Unha vez tomada a mostra, débese trasladar o máis rapidamente posible ao laboratorio para a súa análise ou, se non, mantela nas condicións óptimas de temperatura (mellor refrixerada) para o posterior envío e análise.

Unha vez obtidos os resultados de NPK, xa estamos en condicións de doses de xurro por m³, que estaremos a aplicar ao cultivo, así como o seu valor fertilizante en euros. Este cálculo pódese obter a partir do custo de unidade fertilizante mineral por kg de NPK.

O plan de fertilización depende de cada cultivo, da zona e da climatoloxía. Recoméndase axustar a dose de aplicación ás doses que se corresponden coas extraccións do cultivo.

Entre as vantaxes do uso de xurros para fertilizar pódense destacar o importante aforro económico respecto da fertilización mineral, a súa achega de materia orgánica ao chan e a mellora da estrutura do chan, pois aumenta a retención de auga.

3. DARLLE CUMPRIMENTO Á LEXISLACIÓN MEDIAMBIENTAL ACTUAL (RD 1051/2021)

O presente real decreto ten por obxecto establecer normas básicas para conseguir unha achega sustentable de nutrientes nos chans agrarios. O decreto establece 4 puntos fundamentais; entre eles, os requisitos mínimos do plan de abonado, así como as boas prácticas agrícolas mínimas. Isto levaranos á finalidade de xestionar de maneira sustentable a nutrición dos cultivos, manter ou aumentar a materia orgánica do chan, loitar contra o cambio climático reducindo as emisións de CO₂, evitar a contaminación das augas e preservar a biodiversidade ligada aos chans agrarios.

Unha das prohibicións que máis pode afectar ás granxas galegas é a aplicación do xurro co sistema de abanico ou prato, pois o seu uso queda restrinxido. Isto vai supoñer un investimento en maquinaria ou unha

nova forma de xestión dos xurros a través de empresas de servizos externos.

A incorporación da figura do asesor ou ben o uso de programas informáticos polo titular da explotación para as recomendacións de abonado serán obrigatorios coa entrada en vigor do RD. Para levalo a cabo dunha maneira profesional, e non polo simple feito de cubrir obrigados un caderno, debemos dispoñer das analíticas propias de cada explotación, que, utilizadas dunha maneira racional, proporcionaranos un aforro significativo no consumo de fertilizantes químicos.

Ademais, se imos tendo o histórico de nosas propias analíticas de xurro, ano tras ano, seguro que en pouco tempo poderemos actuar en distintos puntos de mellora, por exemplo pode ser a mellora do noso xurro co almacenamento (en dous meses, en tres meses etc.).

Este real decreto tamén nos indica o número de analíticas que se deben levar a cabo. Se se xeran máis de 1.000 m³ ao ano, unha analítica anual; se se superan os 10.000 m³ por explotación e ano, é conveniente realizar unha analítica cada 6 meses.

CONCLUSIÓN

- A analítica de xurro debería formar parte dunha explotación gandeira

sen necesidade de que nos obligue un real decreto, xa que o xurro é un produto xerado na propia explotación e debemos coñecelo.

- O seguimento e a utilización da composición do xurro levarannos a diminuír o custo de fertilizantes químicos.
- Analizando e utilizando adecuadamente o xurro producido, estamos a contribuír a unha boa xestión ambiental. ■



O TEU LABORATORIO DE CONFIANZA



ROCK RIVER LABORATORY SPAIN

MARIA HERMIDA

Análise NIR de ensilados e forraxes

Análise microbiolóxicos de ensilados, forraxes, etc...

Procesamento do gran en ensilado de millo (KPS)

Análise de micotoxinas (LC MS/ MS)

Análise de augas

Análise de terras

**Chámanos
e informámoste
sen compromiso**

Análise de purín

Pol. Ind. Lalín 2000, Parcela A 8 - LALÍN Pontevedra

T.986 597 195 / M. 629 901 290

www.rockriverlab-spain.com - maria@rockriverlab-spain.com